

### XXVII Premio Esquíu de poesía

10/12/2007

Ábrese o prazo de presentación a un dos máis reputados concursos de poética a nivel estatal. Haberá dous premios indivisibles de 10.000 euros e accésit de 2.500 euros para as modalidades de galego e castelán e entregará un accésit de 2.500 euros en cada un dos idiomas.

O prazo de presentación dos traballos finaliza o 15 de febreiro de 2008.

O certamen está promovido pola Sociedade de Cultura Valle Inclán en colaboración coa Fundación Caixa Galicia.

Informa: Sociedade de Cultura Valle-Inclán.

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/expresate>

### Concurso de Monólogos

11/12/2007

O Concello de Laguna del Duero, convoca o II Concurso Nacional de Monólogos, para todas aquelas persoas que queiran participar e superen os 14 anos de idade, os menores precisarán autorización do pai, nai ou tutor legal.

A data límite de recepción de monólogos é o 11 de xaneiro de 2008 ata as 14:00 h.

Premios: 1º: 800 €, 2º: 600 €, 3º: 300 €.

Informa: Concello de Laguna del Duero, Área de Bienestar Social, C/ Camilo José Cela nº 6. 47140 Laguna del Duero, Valladolid, [juventud@lagunadeduero.org](mailto:juventud@lagunadeduero.org)

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/expresate>

### XXXII certame de poesía sobre o Nadal

11/12/2007

O tema dos traballos debe ser o Nadal, con valoración dos que se refiran a Begonte e ao seu Belén. Liberdade na construción e verso. Enviar baixo plica.

O premio terá unha contía de 600 euros para o 1º premio, e de 300 euros para o 2º premio.

O prazo de finalización de entrega dos traballos será o 06 de xaneiro de 2008.

Informa: Centro Cultural de Begonte.

Máis información: Concello de Begonte. Prza. dos Irmáns Souto Montenegro, 1. 27373 Begonte (Lugo). Tfno: 982396 143

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/expresate>

## II Premio Diario Cultural de Teatro Radiofónico

12/12/2007

A Radio Galega e o Centro Dramático Galego promoven o II Premio Diario Cultural de Teatro Radiofónico, patrocinado pola Consellaría de Cultura. O premio son 6.000 euros e as obras finalistas emitiránse durante o mes de marzo na programación da Radio Galega. Tamén se publicarán nun libro-CD.

Esta é a segunda edición do Premio "Diario Cultural" de Teatro Radiofónico, unha iniciativa que pretende fomentar a escrita de textos dramáticos para a radio. En definitiva, trátase de facilitar o diálogo entre os autores e o medio radiofónico para divulgar a escrita teatral galega e promover o encontro entre a audiencia e o teatro. Preténdese contribuír á recuperación do formato de teatro radiofónico desde unha perspectiva contemporánea.

A segunda edición do Premio de Teatro Radiofónico desenvolverase ao longo de toda a temporada. O xurado, integrado por profesionais do mundo da escena e da radio, seleccionará as obras finalistas. As pezas serán dramatizadas por un equipo de actores e actrices coordinados polo CDG. As dramatizacións emitiránse durante o mes de marzo, o mes do teatro, nos distintos programas da Radio Galega. Entre as emitidas, o xurado escollerá a obra premiada e a audiencia votará a obra que recibirá o Premio do Público. Cada un dos premios está dotado economicamente con 3.000 euros.

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/expresate>

## VI PREMIOS MESTRE MATEO

13/12/2007

A Academia Galega do Audiovisual convoca a sexta edición dos Premios Mestre Mateo. Poderán optar aos premios do Audiovisual Galego as longametraxes estreadas en salas comerciais ou festivais cinematográficos entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do ano 2007, que cumpran os seguintes requisitos:

- 1.- Que a versión orixinal sexa en lingua galega.
- 2.- Que como mínimo o 25% da produción corresponda a unha ou varias produtoras con domicilio social en Galicia.
- 3.- Que o 50% do equipo técnico e artístico sexa galego ou residente en Galicia. Tamén poderán sumar o 25% en conxunto do equipo técnico e artístico, sempre que unha das autorías sexa galega.

Os telefilms, as series (ficción, animación e documentais) e programas para a tv emitidos en calquera dos sistemas televisivos (aberto, pago por visión, cable, etc) entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do ano 2007, con versión orixinal en lingua galega.

Os documentais e as curtametraxes que tiveran a súa comunicación pública entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do ano 2007, tamén con versión orixinal en lingua galega.

As obras publicitarias exhibidas comercialmente entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2007, que a versión orixinal sexa en lingua galega...

As obras experimentais ou interactivas publicadas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do ano 2007.

Os premios non terán dotación económica, senón que consistirán en pezas artísticas fabricadas expresamente para este fin, en edición exclusiva e numerada.

O prazo de recepción dos traballos é desde o día 03 de decembro de 2007 ate o 02 de xaneiro de 2008.

Máis información no tfno: 981 227 701.

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/expresate>

## Premio Merlín de Literatura Infantil

14/12/2007

Edicións Xerais de Galicia convoca a vixésimo terceira edición do Premio Merlín de Literatura Infantil en lingua galega, dotado con 10.000 €.

Poderán concorrer ao premio todos aqueles autores/as de calquera nacionalidade que presenten os seus orixinais en lingua galega, conforme á normativa vixente. Os textos presentados han ser inéditos e totalmente orixinais.

O prazo de presentación é ata o 7 de abril de 2008.

Información: [www.xerais.es](http://www.xerais.es).

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/expresate>

## Asociacionismo

### Subvencións para actividades culturais ano 2007 no concello de Rodeiro

14/12/2007

O Concello de aproba as bases específicas reguladoras de concesión de axudas e subvencións destinadas a promover e fomentar actividades culturais, segundo os principios de obxectividade, concorrencia, publicidade e transparencia. Entenderase como actividade cultural aos efectos das presentes bases as dirixidas á ensinanza musical, á promoción da cultura, á xuventude, á muller, á preservación das tradicións ou calquera outra que redunde en beneficio dos veciños asociados, sempre que formen parte dos fins da asociación.

Poderán solicitar estas axudas as persoas físicas ou xurídicas sen ánimo de lucro e con domicilio en Rodeiro que desenvolverán as actividades obxecto da subvención entre os días 01 de xaneiro ao 31 de decembro de 2007.

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello no prazo de corenta días dende o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da provincia (BOP).

Informa: Boletín Oficial da provincia de Pontevedra (BOP), núm.241, do venres 14 de decembro de 2007. [www.depontevedra.es](http://www.depontevedra.es)

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/asociacions/financiamento/outrosdepartamentos>

### Subvencións para actividades deportivas 2007

17/12/2007

O Concello de Rodeiro (Pontevedra) concederá axudas económicas para promover, difundir e realizar actividades deportivas durante o ano 2007. Entenderase como actividade deportiva as realizadas ou promovidas por agrupacións, asociacións ou clubs de carácter deportivo, legalmente constituídos.

Poderán solicitar estas axudas as persoas físicas ou xurídicas sen ánimo de lucro que desenvolveran as actividades obxecto da subvención no concello de Rodeiro entre os días 01 de xaneiro ao 31 de decembro de 2007.

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello no prazo de corenta días contados dende o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da provincia. Ata o día 23 de xaneiro de 2008.

Informa: Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOP), núm. 241, do venres 14 de decembro de 2007. [www.depontevedra.es](http://www.depontevedra.es)

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/asociacions/financiamento/outrosdepartamentos>

## Emprego

### Letrado da Comunidade Autónoma - Canarias

10/12/2007

A Administración Pública da Comunidade Autónoma de Canarias conva probas selectivas para ingresar no Corpo Superior Facultativo, Escala de Letrados (Grupo A, Subgrupo A1), 12 prazas.

Requisitos: Licenciado en Dereito entre outros.  
O prazo remata o 23 de decembro de 2007.  
Informa: BOC do luns 3 de decembro de 2007.

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/emprego/empregopublico/autonomica>

### Praza de Operario de Maquinaria Municipal para San Sadurniño

11/12/2007

O Concello de San Sadurniño (A Coruña) convoca unha praza de Operario de Maquinaria Municipal, mediante concurso-oposición libre. Persoal laboral fixo.

As bases da convocatoria están publicadas no Boletín Oficial da Provincia da Coruña do 10 de decembro de 2007.  
O prazo de presentación de solicitudes remata o 30 de decembro de 2007.  
Informa BOE do 10 de decembro de 2007.

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/emprego/empregopublico/local>

### Prazas de Policía Municipal para Bilbao

11/12/2007

O Concello de Bilbao (Bizkaia) convoca 45 prazas de Axente da Policía Municipal, polo sistema de acceso libre mediante oposición, pertencentes ao grupo de Administración Especial, subgrupo Servizos Especiais, clase Policía Municipal.

As bases da convocatoria están publicadas no Boletín Oficial de Bizkaia do 14 de novembro de 2007. O prazo de presentación de solicitudes remata o día 27 de decembro de 2007. Informa BOE do 27 de decembro de 2007.

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/emprego/empregopublico/local>

## Oposicións para a escala de letrados da Xunta de Galicia

12/12/2007

Convócanse probas selectivas para cubrir nove (9) prazas do corpo superior de administración da Xunta de Galicia, escala de letrados polo sistema de promoción interna e de acceso libre, mediante o procedemento de oposición.

Idade: ter cumpridos dezaseis anos e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.

Titulación: estar en posesión ou en condicións de obter o título universitario de grao en dereito.

Os interesados poderán presentar as solicitudes ata o 2 de xaneiro de 2008.

Máis información no DOG do 12 de decembro de 2007 e en [www.xunta.es](http://www.xunta.es)

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/emprego/empregopublico/autonomica>

## Prazas de Auxiliar Administrativo para Alxeciras

12/12/2007

O Concello de Alxeciras convoca 4 prazas de Auxiliar Administrativo, pertencentes á Escala de Administración Xeral, Subescala: Auxiliar, polo procedemento de oposición libre.

As bases da convocatoria están publicadas nos Boletíns Oficiais da Provincia de Cádiz do 11 de outubro e no do 16 de novembro de 2007. Prazo de presentación de instancias ata o 3 de xaneiro de 2008.

Informa BOE do 8 de decembro de 2007.

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/emprego/empregopublico/local>

## Prazas de Policía Local para Vinaròs (Castellón)

12/12/2007

O Concello de Vinaròs convoca 4 prazas de Axente da Policía Local polo sistema de oposición libre.

As bases da convocatoria están publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Castellón do 20 de outubro de 2007. O prazo de presentación de solicitudes remata o día 27 de decembro de 2007. Informa BOE do 7 de decembro de 2007.

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/emprego/empregopublico/local>

## Animador deportivo para o Concello de Corcubión

13/12/2007

O concello de Corcubión selecciona un animador deportivo. Titulación Esixida: Técnico en Actividades Físicas e Animación Deportiva, Licenciado en Educación Física ou Maxisterio (especialidade en Educación Física).

O prazo para presentalas solicitudes remata o 17 de decembro de 2007. Máis información no BOP da Coruña do 12 de decembro de 2007 e na OMIX de Corcubión  
Teléfono: 981 745 400

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/emprego/empregopublico/local>

## Ofertas de emprego privado para A Coruña

13/12/2007

**Posto ofertado: Administrativo/a contable**

Realizará tarefas de introdución de datos contables e fiscais no departamento de contabilidade dunha asesoría. Xornada completa en quenda partida de 8:30 a 14:00 e de 16:00 a 19:00. Necesaria experiencia mínima dun ano. Imprescindible posuír Diplomatura ou Licenciatura en Económicas ou Empresariais. Entre 20 e 30 anos.

**Localidade: A Coruña**

**Posto ofertado: Instalador/a de cableado e canalizacións**

Realizará tarefas de instalación de canalizacións e cableados por toda Galicia e Estremadura. Necesario posuír carné de conducir clase B. Horario de 9:00 a 19:00 horas. Entre 18 e 55 anos.

**Localidade: A Coruña**

**Posto ofertado: Axudante/a de soldador**

Traballará nunha empresa de construción a xornada completa. Incorporación inmediata. Realizará tarefas de soldadura en estruturas metálicas.

Máis información na páxina web de CIMO

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/empregoprivado>

## Ofertas de emprego privado para Lugo

13/12/2007

Localidade: Lugo

Posto ofertado: Axudante/a de carpinteiro/a

Empresa situada no Polígono de Ceao precisa persoal para realizar tarefas de corte de tableiro e canteados de madeira. Valoran formación na rama da madeira ademais de experiencia en posto similar. Horario de luns a sábado. Necesario posuír medio de transporte para desprazarse ao lugar de traballo. Entre 18 e 30 anos.

Localidade: Lugo

Posto ofertado: Axudante/a de dependente/a

Entre 18 e 30 anos. Realizará tarefas de atención de clientes e reposición nunha tenda de venda de material de bricolaxe situado no Polígono de Ceao. Necesario medio de transporte para chegar ao lugar de traballo. Valoran posuír experiencia en produtos de ferraxaría e formación na rama de comercio, electricidade ou fontanaría.

Localidade: Lugo

Posto ofertado: Instalador/a de cableado e canalizacións

Horario de 9:00 a 19:00 horas. Realizará tarefas de instalación de canalizacións e cableados por toda Galicia e Estremadura. Necesario posuír carné de conducir clase B. Entre 18 e 55 anos.

Máis información na páxina web de CIMO

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/empregoprivado>

## Ofertas de emprego privado para Ourense

13/12/2007

Localidade: Ourense

Posto ofertado: Educador/a de menores

Realizará tarefas de atención e acompañamento de menores nun centro educativo. Necesario titulación a nivel de Educación Social, Traballo Social ou Maxisterio. Xornada completa. Requírese posuír carné de conducir clase B e vehículo propio.

Localidade: Ourense

Posto ofertado: Director/a de tenda

Realizará tarefas de xestión integral dun establecemento comercial do sector da papelaría. Imprescindible experiencia comercial en vendas ao por miúdo. Xornada completa.

Localidade: Ourense

Posto ofertado: Técnico/a de departamento de compras e deseño

Traballará nunha empresa do sector téxtil situada na cidade. Necesaria experiencia en trato con provedores e coñecementos de informática. Requiren dispoñibilidade para viaxar. Xornada completa. Valoran coñecementos no sector téxtil.

Máis información en [www.cimo.org](http://www.cimo.org)

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/empregoprivado>



## Ofertas de emprego privado para Outros Lugares

13/12/2007

Localidade: Narón

Provincia: A Coruña

Posto ofertado: Axudante/a de carpinteiro/a

Empresa situada no Polígono de Ceao precisa persoal para realizar tarefas de corte de tableiro e canteados de madeira. Entre 18 e 30 anos. Necesario posuír medio de transporte para desprazarse ao lugar de traballo. Xornada completa de luns a sábado. Valoran formación na rama da madeira ademais de experiencia en posto similar.

Localidade: Fene

Provincia: A Coruña

Posto ofertado: Pintor/a de obra

Realizará tarefas de aplicación de tratamentos de impermeabilización en cubertas e fachadas. Necesaria experiencia no posto e dispoñibilidade para desprazarse por toda Galicia. Entre 20 e 40 anos. Xornada completa.

Localidade: Mazaricos

Provincia: A Coruña

Posto ofertado: Axente de enquisas

Necesarios coñecementos de programas ofimáticos. Xornada parcial en quenda de mañá ou tarde. Realizará tarefas de enquisas e sondaxes de opinión a través do teléfono.

Localidade: Rianxo

Provincia: A Coruña

Posto ofertado: Carpinteiro/a - montador/a de aluminio

Xornada completa. Realizará tarefas de montaxes de aluminio, aceiro inoxidable. Necesario posuír carné de conducir clase B. Valoran experiencia en posto similar.

Localidade: Monforte de Lemos

Provincia: Lugo

Posto ofertado: Axente de enquisas

Xornada parcial en quenda de mañá ou tarde. Necesarios coñecementos de programas ofimáticos. Realizará tarefas de enquisas e sondaxes de opinión a través do teléfono.

Localidade: Monforte de Lemos

Provincia: Lugo

Posto ofertado: Técnico/a de mantemento

Empresa dedicada aos produtos lácteos precisa persoal para o mantemento de máquinas de lácteos, hidráulicas e mecánicas. Imprescindible posuír titulación a nivel FPPII en Electromecánica. Xornada completa en quendas rotativas de mañá, tarde e noite. Necesario carné de conducir clase B e vehículo propio.

Localidade: Monforte de Lemos

Provincia: Lugo

Posto ofertado: Operario/a de fábrica

Empresa dedicada á elaboración de produtos lácteos precisa persoal para a súa cadea de produción. Xornada completa en quendas rotativas de mañá, tarde e noite. Necesario carné de conducir clase B e vehículo propio.

Localidade: Outeiro de Rei

Provincia: Lugo

Posto ofertado: Conductor/a - operario/a de carga e descarga

Traballará nunha fábrica de pensos, realizando tarefas de carga e descarga de pensos a granel, ademais de mover os tráileres dentro da nave da empresa. Horario de 22:00 a 6:00 da mañá. Necesario carné de conducir clase C+E. Ata 55 anos.

Localidade: San Cibrao das Viñas

Provincia: Ourense

Posto ofertado: Aprendiz de metal

Entre 16 e 20 anos. Traballará dando servizo aos oficios nunha empresa dedicada a fabricación de pezas de metal. Xornada completa de luns a venres en quenda partida de mañá e tarde. Requírese como mínimo titulación da ESO rematada e medio de transporte para desprazarse ao lugar de traballo. Incorporación inmediata.

Localidade: San Cibrao das Viñas

Provincia: Ourense

Posto ofertado: Auxiliar de clínica

Traballará nunha vivenda comunitaria da terceira idade os venres, sábados e domingos de 9:00 a 16:00 ou de 16:00 a 23:00. Necesaria titulación rematada. Entre 25 e 55 anos.

Localidade: Larouco Provincia: Ourense Posto ofertado: Enfermeira de xeriatria

Traballará nunha residencia de maiores a xornada intensiva en quendas rotativas de mañá, tarde e noite. Necesaria titulación de Diplomatura de Enfermaría. Imprescindible posuír vehículo propio para desprazarse ao lugar de traballo.

Localidade: Coles Provincia: Ourense Posto ofertado: Operario/a para fábrica de embutidos

Realizará tarefas de embutido de diferentes produtos de salazóns. Necesario vehículo propio para desprazarse o lugar de traballo. Xornada completa. Valoran experiencia.

Localidade: Verín Provincia: Ourense Posto ofertado: Monitor/a de xadrez

Incorporación inmediata. Impartirá clases de xadrez a nenos e nenas . Xornada parcial en quenda de tarde os venres.

Localidade: Sarreaus Provincia: Ourense Posto ofertado: Farmacéutico/a adxunto/a

Incorporación inmediata. Realizará tarefas de asistencia farmacéutica, dispensar medicamentos, vixilancia e control de receitas, nunha farmacia. Xornada completa. Necesaria Licenciatura en Farmacia.

Localidade: Tui

Provincia: Pontevedra

Posto ofertado: Oficial de construción

Realizará tarefas de colocación de varandas, marcos e portas de aceiro inoxidable nunha empresa de construción. Traballará na zona de Tui desprazándose de forma puntual a outras obras de toda Galicia. Xornada completa. Necesaria experiencia mínima dun ano, ademais de posuír carné de conducir clase B e vehículo propio.

Localidade: Lalín

Provincia: Pontevedra

Posto ofertado: Chapista - pintor/a de vehículos

Realizará tarefas de reparación e pintado de chapa de coches sinistrados. Valoran posuír permiso de conducir. Entre 20 e 50 anos. Categoría: oficial de 1ª ou de 2ª.

Localidade: Estrada (A)

Provincia: Pontevedra

Posto ofertado: Enxeñeiro/a Técnico/a Agrícola

Entre 24 e 35 anos. Realizará tarefas de atención a clientes, administrativas e trato con provedores nunha empresa dedicada á venda de plantas ornamentais. Valoran coñecementos de ortofruticultura e xardinaría. Necesaria dispoñibilidade para desprazarse, ademais de carné de conducir clase B e vehículo propio. Xornada completa.

Localidade: Nigrán

Provincia: Pontevedra

Posto ofertado: Axente de enquisas

Realizará tarefas de enquisas e sondaxes de opinión a través do teléfono. Necesarios coñecementos de programas ofimáticos. Xornada parcial en quenda de mañá ou tarde.

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/empregoprivado>

## Ofertas de emprego privado para Pontevedra

13/12/2007

Localidade: Pontevedra

Posto ofertado: Repartidor/a de guías

Empresa de publicidade precisa persoal para reparto de guías telefónicas en domicilios por toda a provincia. Horario de 9:00 a 18:00 (unha hora de descanso para xantar). Necesaria dispoñibilidade para desprazarse. Valoran posuír carné de conducir clase B. Entre 18 e 35 anos. Localidade:

Pontevedra

Posto ofertado: Peón de xeseiro

Xornada completa en quenda partida. Axudará na realización de traballos de revestimento de xeso ou morteiro en interiores de vivendas. Necesario posuír carné de conducir clase B ademais de experiencia.

Localidade: Pontevedra

Posto ofertado: Axudante/a de marketing e comunicación

Realizará tarefas de axuda á dirección dun grupo empresarial. Ofrecen contrato en prácticas. Valoran posuír carné de conducir clase B e coñecementos de ofimática.

Máis info en [www.cimo.org](http://www.cimo.org)

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/empregoprivado>

## Ofertas de emprego privado para Santiago de Compostela

13/12/2007

Localidade: Santiago de Compostela

Posto ofertado: Secretaria de dirección

Entre 20 e 35 anos. Realizará tarefas de xestións administrativa, así como apoio á dirección. Necesaria titulación a nivel de Ciclo Medio, Superior ou Diplomatura na rama Administrativa. Xornada completa en quenda partida. Incorporación inmediata. Imprescindible dominio do idioma galego falado e escrito.

Localidade: Santiago de Compostela

Posto ofertado: Operadora para central receptora de alarmas

Necesaria titulación na rama Administrativa ou Informática, ademais de experiencia. Xornada completa en quenda partida. Incorporación inmediata. Realizará tarefas de atención de chamadas, xestión de alarmas e funcións administrativas. Entre 20 e 35 anos.

Localidade: Santiago de Compostela

Posto ofertado: Formador/a de contabilidade

Impartirá un curso de contabilidade financeira nun centro de formación. Necesaria experiencia. Entre 25 e 50 anos. Con carné de conducir clase B.

Máis info en [www.cimo.org](http://www.cimo.org)

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/empregoprivado>

## Ofertas de emprego privado para Vigo

13/12/2007

Localidade: Vigo

Posto ofertado: Auxiliar administrativa

Realizará tarefas administrativas, atención telefónica, xestión de documentación e arquivos nunha empresa de construción. Xornada completa en quenda partida de 9:00 a 13:30 e de 16:00 a 19:30. Necesarios coñecementos de ofimática. Ata 30 anos. Imprescindible posuír titulación a nivel de FP.

Localidade: Vigo

Posto ofertado: Técnica de laboratorio

Realizará recoñecementos médicos e probas complementarias en UVI móbil por toda Galicia. Necesaria experiencia en análises clínicos (extraccións). Imprescindible posuír carné de conducir clase B.

Localidade: Vigo

Posto ofertado: Escaioliata oficial

Traballará nunha empresa de construción realizando tarefas de colocación de falsos teitos de escaiola en obras dos concellos de Vigo e a Guarda. Necesario carné de conducir clase B. Xornada completa. Categoría: oficial de 2ª.

Máis info en [www.cimo.org](http://www.cimo.org)

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/empregoprivado>

## Animador cultural e animador deportivo no Concello de Melide

14/12/2007

O obxecto da convocatoria é a selección de persoal laboral para ocupar, con carácter temporal unha praza de Animador deportivo do Concello de Melide.

Titulación esixida: Título de técnico en actividades físicas e animación deportiva ou de licenciado en educación física, ou maxisterio (especialidade educación física).

O prazo para presentar a solicitude remata o 18 de decembro de 2007.

Máis información no BOP da Coruña do 13 de decembro de 2007 ou na OMIX de Melide, teléfono 981 505 003

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/emprego/empregopublico/local>

## **Animador/a cultural para o Concello de Bergondo**

14/12/2007

O Concello de Bergondo selecciona un Animador/a Cultural. Os requisitos que se piden é estar en posesión do título de Técnico Animación Sociocultural, Diplomado en Educación Social, Maxisterio ou outras titulacións universitarias.

Remata o prazo para presentalas solicitudes o 19 de decembro de 2007.  
Máis información no BOP da Coruña do 12 de decembro de 2007.

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/emprego/empregopublico/local>

## **Celador/a**

14/12/2007

O Servizo de Saúde de Castela - A Mancha, convoca o proceso selectivo para cubrir 383 prazas básicas da categoría de Celador/a, polo procedemento de concurso-oposición, con destino nas Institucións Sanitarias do "Servicio de Salud de Castilla-La Mancha", e polos sistemas xeral de acceso libre e de promoción interna, dacordo coa seguinte distribución: a) 358 prazas para o turno libre. b) 25 prazas para o turno de promoción interna.

O prazo de presentación de instancias remata o 12 de xaneiro de 2008.  
Informa: DOCM do 13 de decembro de 2007.

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/emprego/empregopublico/autonomica>

## **Celadores**

14/12/2007

A Dirección Xeral de Recursos Humanos da Consellería de Saúde do Servizo Rioxano de Saúde, convoca concurso oposición para o acceso a 26 prazas vacantes de persoal estatutario fixo da categoría de Celadores no Servizo Rioxano de Saúde.

O procedemento selectivo que se convoca desenvolverase na cidade de Logroño. e será o de concurso-oposición.  
Informa: Boletín Oficial da Rioxa do 1 de decembro de 2007.

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/emprego/empregopublico/autonomica>

## Lista de Interinos para Auxiliares administrativos Concello de Nigrán (Pontevedra)

14/12/2007

O Concello de Nigran publica as bases reguladoras da lista coa categoría de auxiliar administrativo de administración xeral. O persoal da lista poderá ser nomeado funcionario interino para o desempeño de funcións propias de funcionarios de carreira.

Os aspirantes incluídos na respectiva lista, deberán reunir, na data do remate do prazo para a presentación de solicitudes, os seguintes requisitos:

1. posuír a nacionalidade española oua de calquera dos Estados membros da Unión Europea.
2. ter cumpridos 16 anos de idade e non excederda idade máxima de xubilación.
3. estar en posesión do título de graduado escolar, formación profesional de primeiro grado, ciclo formativo de grado medioou equivalentes, ou estar en condicións de obtelo na data de terminación do prazo de presentación de instancias.
4. non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade sinaladas na lexislación vixente.

O prazo para a presentación de solicitudes será de 10 días naturais, contados a partir do seguinte á publicación da convocatoria xunto coas presentes bases no Boletín Oficial da Provincia (BOP).

Informa: Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOP), núm.240, do xoves 13 de decembro de 2007.  
[www.depontevedra.es](http://www.depontevedra.es)

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/emprego/empregopublico/local>

## Ofertas do Servizo Galego de Colocación

14/12/2007

Código de oferta: 12/2007/43569

Posto: CAMAREIRO/A

Localidade: VIGO (PONTEVEDRA)

Data: 14/12/2007

Descrición: Necesítase camareiro/a.

Código de oferta: 12/2007/43661

Posto: ALBANEL

Localidade: FENE ( A CORUÑA)

Data: 14/12/2007

Descrición: Necesítase albanel.

Código de oferta: 12/2007/43462

Posto: EMPREGADO/A ADMINISTRATIVO

Localidade: ESTRADA, A (PONTEVEDRA)

Data: 14/12/2007

Descrición: NECESÍTASE ADMINISTRATIVO P<sup>a</sup> REALIZAR UN CONTRATO EN PRACTICAS. QUE POSÚA UN CICLO DE GRADO MEDIO OU SUPERIOR DA RAMA ADMINISTRATIVA . CUN NIVEL DE INGLES MEDIO. CON COÑECEMENTOS A NIVEL ALTO EN OFFICE, INTERNET E CORREO ELECTRONICO. DEBE POSUIR CARNET DE CONDUCIR E VEHICULO

Código de oferta: 12/2007/43468

Posto: ENXEÑEIRO/A TÉCNICO AGRÍCOLA

Localidade: ESTRADA, A (PONTEVEDRA)

Data: 14/12/2007

Descrición: PRECISASE ENXEÑEIRO TECNICO AGRICOLA ESPECIALIDADE DE HORTOFRUTICULTURA E XARDINERÍA . NIVEL DE INGLES MEDIO. COÑECEMENTOS DE OFFICE , INTERNET E CORREO ELECTRONICO NIVEL ALTO. PERMISO DE CONDUCIR E VEHICULO.

Código de oferta: 12/2007/43126

Posto: EMPREGADO/A ADMINISTRATIVO

Localidade: LUGO

Data: 14/12/2007

Descrición: Necesítase administrativo/a. Imprescindible licenciatura ou diplomatura en económicas ou empresariais.

Código de oferta: 12/2007/43668

Posto: CAMAREIRO/A

Localidade: VIGO (PONTEVEDRA)

Data: 14/12/2007

Descrición: Necesítase camareiro/a.

Código de oferta: 12/2007/43798

Posto: LIMPADOR/A DE FIESTRAS

Localidade: VILAGARCIA DE AROUSA (PONTEVEDRA)

Data: 14/12/2007

Descrición: NECESÍTASE LIMPADOR/A DE CRISTALES PARA VILAGARCÍA. VALORARASE CARNÉ DE CONDUCIR B1

Código de oferta: 12/2007/43805

Posto: CANTEIRO/A

Localidade: VILAGARCIA DE AROUSA (PONTEVEDRA)

Data: 14/12/2007

Descrición: NECESITASE APRENDIZ OU PEON DE CANTERÍA. VALORARASE O CARNÉ DE CONDUCIR

Código de oferta: 12/2007/37207

Posto: DELINEANTE

Localidade: PONTES DE GARCIA RODRIGUEZ, AS (A CORUÑA)

Data: 14/12/2007

Descrición: NECESÍTASE DELINEANTE INDUSTRIAL. NECESARIA TITULACIÓN ACADÉMICA. COÑECEMENTO ALTO AUTOCAD.

Código de oferta: 12/2007/43819

Posto: MECÁNICO/A REPARADOR DE CALEFACCIÓNS

Localidade: LUGO

Data: 14/12/2007

Descrición: Necesítase reparador de calefaccións con experiencia. Carné clase B

Código de oferta: 12/2007/42952

Posto: SECRETARIO/A DE DIRECCIÓN

Localidade: SANTIAGO DE COMPOSTELA (A CORUÑA)

Data: 14/12/2007

Descrición: Necesítase secretario/a de dirección.

Código de oferta: 12/2007/43179

Posto: PINCHE DE COCIÑA

Localidade: VIGO (PONTEVEDRA)

Data: 14/12/2007

Descrición: Necesítase pinche de cociña.

Código de oferta: 12/2007/43184

Posto: REPARTIDOR/A DE PROPAGANDA E SIMILARES

Localidade: PONTEVEDRA

Data: 14/12/2007

Descrición: PRECÍSASE REPARTIDOR/A DE GUÍAS TELEFÓNICAS.

Código de oferta: 12/2007/43240

Posto: ALBANEL

Localidade: VIGO (PONTEVEDRA)

Data: 14/12/2007

Descrición: Necesítase albanel.

Código de oferta: 12/2007/43264

Posto: CAMAREIRO/A DE BARRA EU/OU DEPENDENTE DE CAFETARÍA

Localidade: VIGO (PONTEVEDRA)

Data: 14/12/2007

Descrición: Necesítase camareiro/a.

Código de oferta: 12/2007/43354

Posto: ESCAIOLISTA  
Localidade: VIGO (PONTEVEDRA)  
Data: 14/12/2007  
Descrición: Necesítase escaiolista.

Código de oferta: 12/2007/41298  
Posto: TERAPEUTA OCUPACIONAL  
Localidade: SANTIAGO DE COMPOSTELA (A CORUÑA)  
Data: 14/12/2007  
Descrición: Necesítase terapeuta ocupacional. Titulación: Diplomado Terapeutaocupacional.

Código de oferta: 12/2007/37064  
Posto: ENXEÑEIRO/A TÉCNICO EN MECÁNICA INDUSTRIAL  
Localidade: PONTES DE GARCIA RODRIGUEZ, AS (A CORUÑA)  
Data: 14/12/2007  
Descrición: Necesítase enxeñeiro/a técnico industrial. Con coñecemento alto autocad.

Código de oferta: 12/2007/40295  
Posto: PERSOAL DE LIMPEZA OU LIMPADOR  
Localidade: LUGO  
Data: 14/12/2007  
Descrición: Necesítase limpador/a. Con carné de conducir clase B e coche propio.

Código de oferta: 12/2007/42962  
Posto: DEPENDENTE DE COMPOÑENTES ELECTRÓNICOS E/OU INFORMÁTICA  
Localidade: LUGO  
Data: 14/12/2007  
Descrición: Necesítase dependente con experiencia para traballar en empresa de reciclaxe informática. Valorarase experiencia no sector

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/empregoprivado>

## **Prazas da Escala Técnica de Xestión de Organismos Autónomos**

14/12/2007

### **21 prazas da Escala Técnica de Xestión de Organismos Autónomos**

O Ministerio de Administracións Públicas convoca 21 prazas da Escala Técnica de Xestión de Organismos Autónomos, Escala de Xestión de OO.AA., Corpo Xeral Administrativo da Administración Xeral do Estado e Corpo Xeral Auxiliar da Administración do Estado, polo sistema xeral de acceso libre. Concurso-oposición.

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/emprego/empregopublico/estado>



## **Prazas de Técnico/a Superior de Xestión e Servizos Comúns**

14/12/2007

A Dirección Xeral da Función Pública convoca proceso selectivo para 23 prazas de persoal laboral fixo da Administración Xeral do Estado, coa categoría de Técnico Superior de Xestión e Servizos Común, grupo profesional 3, área funcional 1.

As bases da convocatoria están publicadas nos taboleiros de anuncios do Ministerio do Interior, nas Delegacións e Subdelegacións do Goberno, na Dirección Xeral da Función Pública e no Centro de Información Administrativa do Ministerio de Administracións Públicas.

O prazo de solicitude de instancias remata o 31 de decembro de 2007. Informa BOE do 11 de decembro de 2007.

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/emprego/empregopublico/estado>

## **Lista para a contratación laboral temporal de auxiliares de axuda no fogar en Cedeira**

17/12/2007

Convocatoria para a formación dunha lista aberta para posibilitar a contratación laboral temporal, mediante a modalidade de contrato de duración determinada, de auxiliares de axuda no fogar para a atención do servizo de axuda no fogar prestado polo Concello de Cedeira.

Os requisitos son estar en posesión do graduado escolar ou equivalente e en posesión do certificado de profesionalidade de auxiliar de axuda a domicilio ou curso equivalente. O prazo para presntalas solicitudes remat o 29 de decembro de 2007. Máis información no BOP da Coruña do 14 de decembro de 2007 ou na OMIX de Cedeira,

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/emprego/empregopublico/local>

## **Prazas de Técnico Superior en Economía e Socioloxía en Barcelona**

17/12/2007

O Concello de Barcelona convoca 10 prazas de Técnico Superior en Economía e Socioloxía, mediante concurso-oposición, turno libre, correspondente á Escala de Administración Especial, Subescala Técnica, clase de técnicos superiores.

As bases da convocatoria están publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Barcelona do 29 de novembro de 2007. Un anuncio equivalente a éste publicarase no Diario Oficial da Generalitat de Catalunya e abrirá o prazo de presentación de instancias a partir do día seguinte ao da sua publicación.

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/emprego/empregopublico/local>

### **Axudas complementarias do Programa Sócrates-Erasmus e Suíza**

11/12/2007

A Consellería de Educación convoca axudas complementarias do Programa de acción da Unión Europea de mobilidade de estudantes Sócrates-Erasmus e Suíza para o curso académico 2007-2008.

Os requisitos a cumprir son estar matriculado no curso 2007/2008 en calquera das universidades públicas de Galicia ou nos centros asociados da UNED en Galicia.

Cursar estudos regrados de carácter oficial e validez nacional de 1º ciclo ou 1º e 2º ciclo.

Ter concedida unha bolsa do programa Sócrates- Erasmus, ou do Goberno de Suíza.

Non ter desfrutado desta bolsa complementaria en convocatorias anteriores.

O prazo de presentación de solicitudes será ata o 11 de xaneiro de 2008. Máis información no DOG do 10 de decembro de 2007 ou en

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/ensino/bolsaseaxudas>

### **Bolsa de análise de datos cuantitativos en materias relacionadas coas políticas públicas**

11/12/2007

A EGAP convoca unha bolsa de perfeccionamento de investigación especializada na análise de datos cuantitativos en materias relacionadas coas políticas públicas, dirixida ás persoas que estean en posesión do título oficial de doutor en ciencias políticas, socioloxía ou psicoloxía, conten con experiencia e formación no manexo de técnicas estatísticas e psicométricas na investigación social aplicada e desexen perfeccionar a súa formación na utilización destas técnicas.

O período de aproveitamento da bolsa será dun ano natural, desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro do 2008.

O importe da bolsa será de 1.800 € brutos mensuais.

O prazo de presentación de solicitudes remata o 11 de xaneiro de 2008. Máis información no DOG do 10 de decembro de 2007 e na EGAP, teléfono: 981 54 60 40

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/ensino/bolsaseaxudas>

## Bolsas de formación en linguaxe administrativa galega

11/12/2007

A EGAP convoca dúas bolsas de formación en linguaxe administrativa galega. As actividades de formación iniciaranse o 1 de xaneiro e rematarán o 31 de decembro de 2008. O importe da bolsa será de 1.200 € brutos mensuais.

Os requisitos que se piden son:

Posuír a nacionalidade dun Estado membro da Unión Europea.

Ser veciño/a dalgún dos municipios galegos.

Acreditar ter rematados os estudos académicos con posterioridade a xaneiro do ano 2002 e acreditadas algunha das seguintes titulacións universitarias: licenciatura na especialidade de filoloxía galega ou en tradución e interpretación (lingua A galego).

O prazo de solicitudes remata o 11 de xaneiro de 2008. Máis información no DOG do 10 de decembro de 2007 e na EGAP, teléfono: 981 546 040

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/ensino/bolsaseaxudas>

## Bolsas de mobilidade dirixidas a profesores visitantes e estudantes

12/12/2007

O Ministerio de Educación e Ciencia convoca axudas dirixidas a facilitar a mobilidade de profesores visitantes e de estudantes en programas de doutorado que obtiveran a Mención de Calidade, para o curso académico 2007/2008.

O obxecto da convocatoria ten por obxecto contribuír a incrementar a solvencia científica-técnica e formadora dos estudos de Doutoramento que obtiveran a Mención de Calidade para o curso 2007/2008, colaborando en elevar a competencia das institucións universitarias que imparten os mencionados estudos.

Poderán acollerse as axudas previstas desta convocatoria os profesores e estudantes a través das Universidades.

O prazo de presentación de solicitudes é:

- Vinte días naturais contados a partir do día seguinte a publicación no BOE, para axudas de mobilidade de profesores visitantes.

- Do 8 o 28 de xaneiro, para as axudas a mobilidade de estudantes

Información no BOE do 7 de decembro 2007.

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/ensino/bolsaseaxudas>

## II concurso para profesores sobre experiencias didácticas co xornal na aula

12/12/2007

A Voz de Galicia, convoca o II Concurso para profesores sobre experiencias didácticas, orixinais e inéditas sobre o uso da prensa na escola ao longo do curso académico.

Haberá un primer premio de 6000 euros e un segundo premio de 2000 euros.  
O prazo de finalización dos traballos será o vindeiro 09 de maio de 2008.  
Informa "La Voz de Galicia", coa colaboración da Obra Social Caixa Galicia.

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/ensino>

## Subvencións da Dirección Xeral do Libro, Arquivos e Bibliotecas

12/12/2007

O Ministerio de Cultura, convoca subvencións, en réxime de concurrencia competitiva, a empresas e institucións sen fin de lucro, editoras de revista de cultura, escritas en castelán ou en calquera outra lingua cooficial do Estado, correspondente ao ano 2008.

Convócase para o ano 2008 a concesión de subvencións, a empresas e institucións no sector da comunicación social e cultural, editoras de publicacións periódicas, no diarias, escritas en castelano ou en calquera outra lingua cooficial española,

- Literatura e lingüística
- Artes plásticas e escénicas, música e cinematografía
- Historia, xeografía, arquitectura e artes populares
- Filosofía e Ciencias Sociais.

Poderán solicitar as subvencións as empresas e institucións sen fin de lucro, editoras de revistas españolas de cultura, de nacionalidade española, ou de outros estados membros da Unión Europea ou asociados no Espacio Exterio.

O prazo de presentación de solicitudes será de vinticinco días naturais contados a partir do día seguinte o da publicación no BOE.

Informa no BOE do 11 de decembro de 2007.

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/ensino/bolsaseaxudas>

## Premios Concurso Teatro Clásico Grecolatino

13/12/2007

O Ministerio de Educación e Ciencia convoca os premios correspondentes ao concurso de Grupos de Teatro Clásico no ámbito da ensinanza secundaria para o curso escolar 2007-2008.

E con este fin que se pretende de estimular e recoñecer o esforzo dos grupos de teatro clásico dos centros docentes españois para difundir a lectura e representación teatral das obras clásicas grecolatinas. As obras, traxedias ou comedias, coas que se concurrirán serán de autores clásicos gregos ou latinos. Poderán participar neste concurso todos os grupos de teatro nos que actúen alumnas e alumnos matriculados en ESO, bacharelato e Ciclos Formativos tanto de centros públicos como de centros privados. O prazo de presentación de solicitudes finalizará trinta días despois da publicación no BOE. Informa: BOE do 11 de decembro de 2007.

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/ensino>

## Curso negociación de contratos discográficos, editoriais, management musical

14/12/2007

Estos cursos serán impartidos por profesionais de primeiro orde do sector musical. O curso será en Barcelona os días 3,4,5,6 de Marzo do 2008 e en Madrid os días 10,11,12,13 de Marzo 2008. Realizarase durante unha semana na que se conxugarán outras actividades de interese cultural e musical.

Máis información:  
Asesoría xurídica das Artes:  
R/ Balmes 439-1º-2ª  
Barcelona 08022.  
Tel: 934189433.

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/ensino/cursosmastersposgraos>

## **IX Convocatoria de Bolsas (2008) para a formación de posgrados en Universidades e Centros Superiores de Investigación estranxeiros**

14/12/2007

**Poderán solicitar a bolsa aqueles estudantes que ao longo do curso académico 2007-2008 se atopen cursando o seu último ano de licenciatura. No caso da concesión da bolsa, ésta quedará condicionada á acreditación de finalización da licenciatura a finais da convocatoria de exames de xuño de 2008. Hai 125 bolsas.**

A convocatoria está dirixida licenciados/as, enxeñeiros/as superiores, informáticos/as superiores, arquitectos/as superiores (con proxectos de fin de carreira presentados e aprobados) ou estudantes de último ano de licenciatura superior.

Tamén é conditio sine quanon, ter un bo coñecemento escrito e falado do idioma do país no que se vaian a desenvolver os estudos para os que solicitan a bolsa.

Non seren beneficiarios de ningunha bolsa ou axuda económica doutra institución ou organismo, público ou privado, no momento de comenzo a disfrutar da bolsa.

Dotación: billete de ida e volta en avión, desde o aeroporto máis cercano ao domicilio habitual do bolseiro ata o aeroporto de destino do país correspondente á Universidade ou Centro Superior de Investigación onde se van a realizar os estudos. Matrícula na Universidade ou Centro Superior de Investigación no que se vaia estudar ou se acepte a súa solicitude, que será pagado pola Fundación Caixa Madrid. A asignación do bolseiro durante un período máximo de 12 meses de 1500 euros mensuais para EEUU, RU e Canadá. 1400 euros mensuales para Francia e Suiza e 1200 para o resto dos países europeos. Haberá unha única dotación de 1000 euros para gastos de instalación.

Informa: portal de Becas da páxina web da Fundación Caixa Madrid. [www.fundacioncajamadrid.es](http://www.fundacioncajamadrid.es)

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/ensino/bolsaseaxudas>

### ROTA DO CONTRABANDO

11/12/2007

A Dirección Rexional do Norte do Instituto Portugués da Xuventude (IPJ) en colaboración coa Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade organizan os días 17, 18, 19 e 20 de decembro do 2007 unha ruta pola Raia Seca (Bragança / Miranda do Douro / Vinhais). Neste roteiro poderán participar 50 mozos e mozas galegas e 50 portugueses da rexión norte entre os 18 e os 30 anos. É esta unha actividade organizada no marco do programa MOBILITAS, ao abeiro da iniciativa comunitaria INTERREG III A Galiza \_ Norte de Portugal. A actividade cubre todos os gastos de traslado en autobús, aloxamento e manutención dos participantes. É completamente gratuíta para todos os participantes.

Aloxamento: Hotel S. Lazaro

Obxectivos: Promover o encontro e intercambio de experiencias entre mozos/as da Galiza e Norte de Portugal; Reforzar os lazos entre a Galiza e o Norte de Portugal, procurando incrementar entre as rexións o sentimento de identidade Europea;

Descubrir valores culturais e históricos, así como o respecto ambiental polo patrimonio natural da euro-región.

PROGRAMA:

Dia 17.- Bragança Boas vindas, descuberta da cidade Roteiro Pedestre pelos Monumentos Históricos da Cidade. Noite. Visionamento do filme "Terra Fria Transmontana".

Dia 18.- Miranda do Douro Cruceiro ambiental do Douro. Paseiro de burro (aldeia de Atenor). Projección do Filme "o burro Mirandês" raza em extinção. Actuação dos Pauliteiros de Miranda.

Dia 19.- Vinhais. Aldeia de Moimenta Matança tradicional do porco; Roteiro do contrabando \_ Moimenta e Aldeias Espanholas;

Actuação dos gaiteros da aldeia;

Regreso a Bragança pelo Parque Natural de Montezinho

Noite Musica ao vivo.

Dia 20.- Bragança

Percurso pedestre Rota do Contrabando;

Actuação dos caretos de Varge;

Almoço Comunitário - Aldeia de Rio de Onor;

Festa dos Rapazes.

Noite Concerto ao vivo.

Dia 21.- Despedida

Para anotarte manda un correo electrónico ao seguinte enderezo: maria.consuelo.mendez.mouzo@xunta.es, indicando o teu nome, apelidos, idade, DNI, enderezo electrónico e teléfono. Porémonos en contacto con aqueles que se anoten para organizar a viaxe en autobús.

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/europaoteualcance>

### Concurso de Nacementos

10/12/2007

A OMIX do Concello de Meaño organiza un concurso de nacementos no que poden participar as asociacións inscritas no rexistro do Concello e os distintos centros educativos do Concello.

O prazo para presentar a solicitude remata o 20 de decembro, terá que haber un mínimo de 5 participantes. Haberá tres premios: 1º Premio 120,00 euros, 2º Premio 100 euros e 3º premio: 70 euros.  
Informa: OMIX do Concello de Meaño.

Máis información: [null](#)

### LUDOTECA DE NADAL

13/12/2007

A Concellería de Xuventude, Educación e Deportes da Illa de Arousa organiza unha Ludoteca de Nadal como alternativa de ocio para os/as mais novos/as.

Idades: 3-6 anos

Datas: 26,27,28 de decembro e 2,3,4 de xaneiro.

Horario: 10.30-13.30h

Lugar: Ludoteca Municipal

As actividades que se levarán a cabo serán:

Regaliños con material de refugallo

Postais Navideñas

Cancións Navideñas

Contacontos

Xogos Tradicionais

Festival de Panxoliñas

Ademais de visitas sorpresa e moitas mais cousas.....

Concellería de Xuventude, Educación e Deportes. 986 527 300 ext120

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/lecerecultura>



A Deputación da Coruña co obxecto de contribuír á difusión e á promoción da música, do folclore, do teatro, da danza e demais manifestacións artísticas, organiza na provincia os seguintes programas: Categoría non profesional: XXV Programa de música e teatro para grupos non profesionais e XX Programa de teatro e títeres para compañías profesionais. Categoría profesional: XXI Ciclo de música para intérpretes profesionais e II Programa para compañías de danza profesionais e outras actividades.

Poderán participar nos programas as agrupacións das seguintes categorías, que teñan residencia na provincia:

**CATEGORÍA NON PROFESIONAL:**

a) Música:

Bandas de Música  
Bandas de Gaitas  
Masas Corais  
Música Clásica  
Rondas ou Orquestras  
Cantareiras  
Folk  
Rock  
Pop/Lixeira  
Electrónica  
Jazz  
Blues  
Soul  
Tunas  
Charangas  
Solistas  
Outros

b) Danza:

Danza tradicional galega  
Danza Contemporánea  
Danza Clásica  
Outros tipos de danza

c) Teatro:

Teatro  
Títeres  
Maxia e Ilusionismo  
Outros

d) Outras actividades

**CATEGORÍA PROFESIONAL:**

A.- Compañías de teatro e de títeres

Teatro  
Títeres  
Maxia

B.- Intérpretes de música:

Música Clásica  
Jazz  
Folk  
Rock  
Blues  
Tecno  
Outros

C.- Compañías de danza

Danza Clásica  
Danza Contemporánea  
Danza Folclórica galega  
Outros tipos de danza

Por outra banda poderán solicitar actuacións tódolos concellos da provincia que queiran acollerse a esta convocatoria.

As agrupacións e intérpretes que desexen participar nesta convocatoria poderán presentalas solicitudes ata o 27 de decembro de 2007. O prazo par os concellos abrírase unha vez elaborado o dossier de participantes. Máis información no BOP da Coruña do 12 de decembro de 2007 e en [www.dicoruna.es](http://www.dicoruna.es)

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/lecerecultura>

## ActivArte

14/12/2007

**ActivArte e un sistema complexo de actividades de educación non-formal, con métodos de traballo innovadores, tomando o arte como ferramenta para fomentar a expresión libre, cunha actitude activa de responsabilidade de cara ao entorno social no que vivimos. O proxecto consta dunha serie de talleres (informática-musical, expresión corporal, fotografía/vídeo, body-painting) que serán impartidos por artistas profesionais de cada modalidade.**

A través dos talleres, os xoves participantes prepararán actuacións (tipo performance) audiovisual. Ditas actuacións terán lugar en organizacións xuvenís, casas de cultura, centros de voluntariado, a nivel de Galicia. O proxecto ten como finalidade o fomento da participación xuvenil (en varias formas de expresión) a través do arte.

O proxecto ActivArte e unha serie de talleres móbiles, os cales abordaran 5 cidades diferentes de Galicia.

O presente proxecto e unha versión revisada de dous proxectos semellantes, os cales leváronse a cabo en "Pomurski poletni festival" en Agosto 2006 en Eslovenia e en decembro 2006 en Ribadavia. Os dous proxectos consistiron nunha "performance" composta de vídeos e unha instalación.

A parte da coreografía foi preparada polos xoves participantes durante o taller de expresión corporal.

Descrición das actividades previstas:

actuación, a expresión pública, a imaxe reflexada do que será o proceso formador, creativo das actividades previstas no proxecto.

A fase de aprendizaxe teórico e práctico levarase a cabo a través dos seguintes talleres:

música,  
Expresión corporal,  
Body-painting  
vídeo.

Os talleres consisten:

Parte teórica, onde os mentores presentaran os coñecementos e virtudes de cada tema do taller.

Parte práctico, onde os participantes cos coñecementos recibidos preparan a performance, tendo a posibilidade de expresar a súa propia creatividade.

Contacto: e-mail- [Desh2006@gmail.com](mailto:Desh2006@gmail.com)

teléfono: 625 39 38 57

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/lecerecultura>

## Encontros Dos Axóuxeres na Illa de Arousa

14/12/2007

Actuación de Mercedes Peón na Illa de Arousa dentro do programa Encontros dos Axouxeiros.  
Terá lugar o domingo 23 de decembro, no Salón de plenos do Concello da Illa de Arousa, ás 12.00 h.

Coa idea de animar os pais e as nais a transmitiren a lingua aos fillos desde que nacen, ponse en marcha a iniciativa Encontros dos Axóuxeres para bebés en familia.

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/lecerecultura>

## Axenda Cultural

17/12/2007

Coñece algunhas das citas culturais dos próximos días no referente a música, cine, teatro...

### MÚSICA

A Coruña

Martes 18 de decembro

Oncerto de Belén Arjona

Hora: 21 horas

Lugar: Teatro Principal de Santiago

Xoves 20 de decembro

Concerto de Nadal polos alumnos da escola Municipal de Música

Hora: 19,30

Lugar: Teatro Principal de Santiago

Venres 21 de decembro

Concerto da Real Filarmonía de Galicia coa interpretación da " Creación" de Haydn

Hora: 21 horas

Lugar: Auditorio de Galicia

Sábado 22 de decembro

Música ciclo ultranoite

Hora: 23 horas

Lugar: Sala Nasa de Santiago

### DANZA

Xoves 20 de Decembro e venres 21 de decembro

Compañía Paulo Ribeiro: " Malgré nous, nous étions là

Hora : 20.30

Lugar : Salón Teatro

Intrusa : Tragos cortos

Hora : 22 horas

Lugar : Sala Nasa

### CINE

Ciclo Imaginarios en Tránsito  
Do 17 ó 22 de Decembro  
Lugar: Cgac en Santiago  
Hora: Luns, martes, mércores e xoves 18 horas  
Venres 20 horas e 21 horas  
Sábado 20 horas  
Máis información :[www.cgac.org](http://www.cgac.org)

#### Enderezos

Auditorio de Galiza  
Burgo das Nacións s/n. Santiago de Compostela  
[http: www.auditoriodegalicia.org](http://www.auditoriodegalicia.org)  
Tel: 981571026

Centro de Arte Contemporánea de Santiago  
R/ Valle Inclán. Santiago de Compostela. A Coruña  
Tel: 981546634

Sala Nasa  
Rúa de San Lorenzo 51-53B  
Tel: 981573998  
15705 Santiago de Compostela  
[http: www.salanasa.com](http://www.salanasa.com)

Salón Teatro  
Rúa Nova,34  
15705 Santiago de Compostela

Teatro Principal de Santiago  
Rua Nova 21  
15705 Santiago De Compostela  
981 542 347

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/lecerecultura>

#### **IV Concurso de fotografía Xurxo Lobato**

17/12/2007

A Asociación de Antigos Alumnos do Instituto de Monelos, convoca IV concurso de fotografías Xurxo Lobato.  
O Tema libre. Fotos en branco e negro, ou en color, máximo tres fotografías por concursante. Tamaño das fotos 18 x 24 cm.

O prazo de finalización de entrega dos traballos finaliza o 31 de decembro de 2007.

Máis información: [null](#)

### Concurso de Nacementos

11/12/2007

A OMIX do Concello de Meaño organiza un concurso de nacementos no que poden participar as asociacións inscritas no rexistro do Concello e os distintos centros educativos do Concello.

O prazo para presentar a solicitude remata o 20 de decembro, terá que haber un mínimo de 5 participantes. Haberá tres premios: 1º Premio 120,00 euros, 2º Premio 100 euros e 3º premio: 70 euros.

Informa: Oficina Municipal de Información Xuvenil do Concello de Meaño.

Máis información: [null](#)

### Curso de Iniciación a Windows e a Internet na Illa de Arousa

12/12/2007

A Oficina Municipal do Concello de A Illa de Arousa organiza un curso de iniciación a windows e a internet, idade a partir de 14 anos, o curso será gratuito. O temario dos cursos está pensado para xente que se aproxima por vez primeira á informática, transmitindo nocións básicas.

Por exemplo: encendido e apagado do ordenador, manexo do rato, elementos do escritorio, creación de carpetas, copias, movelas, pegalas, eliminalas, atopar un arquivo; uso do programa de software libre Firefox, menús e barras de ferramentas, navegación básica, buscadores máis empregados, contidos mais frecuentes na Internet...

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/tecnoloxia>

### Cursos de Iniciación a Internet e Windows na Illa de Arousa

13/12/2007

Nos vindeiros días 9, 10 e 11 de xaneiro vanse levar a cabo dous cursos de iniciación á Internet. O curso forma parte dun proxecto de alfabetización dixital da Consellería de Innovación e Industria: a Rede de Dinamización da Sociedade da Información, que se encarga de impartilos dende un dos seus centros. Neste caso é o Centro Comarcal de O Salnés.

O temario do curso está pensado para xente que se aproxima por vez primeira á Internet, transmitindo nocións coma: uso do programa de software libre Firefox, menús e barras de ferramentas, navegación básica, buscadores máis empregados, contidos mais frecuentes ...e impartirase na aula de informática do CEIP A TORRE-A ILLA.

Faranse dúas quendas de 8 e 6 persoas. A primeira, será en horario de 18:00-20.00 h. e a segunda, de 20.00-22.00 h., atendendo ás preferencias horarias dos usuarios. Os participantes, con idades comprendidas entre os 24 e os 58 anos e maioritariamente mulleres, indican motivos varios para a súa inscrición: aprender a manexar o ordenador, ampliar a súa formación, porque lle é imprescindible para o desenvolvemento no traballo ou mesmo na súa empresa, mellorar o seu nivel de empleabilidade (de feito, un número considerable nestes dou grupos están desempregados, aínda que tamén se atopan incluso traballadores por conta propia).

Nas vindeiras semanas, daráse continuación a estes cursos con outros deste tipo e tamén de iniciación a Windows. A prescrición continúa aberta para todos aqueles interesados en iniciación á Informática, iniciación á Internet, uso do móbil ou construción de páxinas web.

Informa: Oficina Municipal de Información Xuvenil da Illa de Arousa.

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/tecnoloxia>

### CADERNOS DE VIAXE: A RIBEIRA SACRA I

11/12/2007

A Ribeira Sacra abranxe un extenso territorio no interior de Galicia, onde se xuntan dous caudalosos ríos, o Sil e o Miño. Hoxe en día esta denominación corresponde a unha ampla extensión entre as provincias de Lugo e de Ourense. Son estes dous impresionantes cursos de agua os que lle dan un carácter particular a esta zona.

Co fin de ter unhas rutas de duración máis curta, nestes caderno de viaxe separaremos en dúas partes a Ribeira Sacra. Así, poderemos facer o camiño por partes ou todo xunto, dependendo da duración das nosas vacacións, e sobre todo dos cartos cos que contamos.

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/turismoxuvenil/conhecegaliza>

### Semana Branca 2008

13/12/2007

A Concellería de Cultura do Concello de Lalín organiza a Semana Branca 2008. A actividade desenvolverase entre o 3 e o 9 de febreiro de 2008. A elección desta data ven motivada polas vacacións de Entroido, que posibilitan o acceso á viaxe a aqueles xoves que se atopen tanto estudando como traballando, xa que terían dous días libres de seu. O lugar elixido é a estación invernal de Grandvalira en Andorra, é o maior dominio esquiable dos Pirineos con 193 km de pistas. A súa situación asegura unha neve de calidade e unha alta porcentaxe de días de sol durante todo o ano, nunha das estacións máis importantes de Europa.

#### Destinatarios:

Persoas empadronadas no Concello de Lalín, podendo contemplarse a admisión de persoas doutros concellos, previo pago de 60 € a maiores da cuota de participación.

#### Prezo :

O custe desta actividade para as persoas menores de 30 anos será de 300 € e para aquelas persoas de 30 ou máis anos será de 350 €.

O alugamento de material terá un custe adicional de 50 €.

#### Prazo :

Haberá un prazo de preinscrición que comezará o 12 de novembro e durará mentres haxa prazas, durante o cal se deberá efectuar o pago do 50% da cuota, o resto deberá abonarse antes do 10 de xaneiro.

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/turismoxuvenil>